



LISTA DE ASISTENTES

D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a.M^a Teresa Iglesias Randulfe
D^a.Nuria Andión Rodríguez
D. David Basalo Domínguez
D. Federico Fernández Fernández
D. Ramón A. Fernández Sobrino
D. Francisco X. Lores Ínsua
D. Juan Carlos Prado Prado
D. Javier Rodeiro Iglesias

DESCULPA ASISTENCIA

D- Juan Pablo Hervés Beloso

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 6 de abril de dous mil seis ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

O xoves, día **6 de abril de 2006**, ás 12:05 horas, na Sala de Xuntas da reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de febreiro de 2006.
2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais correspondentes ás eleccións a reitor, claustro universitario e representantes dos estudantes nos consellos de departamento.
3. Número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.
4. Sorteio das mesas electorais para as eleccións a reitor e claustro universitario e da letra de orde dos candidatos nas papeletas de votación.
5. Asuntos varios.
6. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de febreiro de 2006.

Apróbase por asentimento.

Punto 2.- Resolución das reclamacións aos censos provisionais correspondentes ás eleccións a reitor, claustro universitario e representantes dos estudantes nos consellos de departamento.

Apróbase por asentimento aceptar as reclamacións aos censos provisionais que figuran no Anexo I, así como as modificacións dos censos provisionais realizadas de oficio que figuran no Anexo II.

Apróbase por asentimento desestimar as reclamacións que figuran no Anexo III.

Punto 3.- Número de claustrais por sector que corresponden en cada circunscrición.

Apróbase por asentimento o número de representantes no claustro que corresponden a cada circunscrición que figura no Anexo IV.

Punto 4.- Sorteo das mesas electorais para as eleccións a reitor e claustro universitario e da letra de orde dos candidatos nas papeletas de votación

Para os membros das mesas electorais acordouse sortear dúas letras que se corresponden coa primeira e a segunda letra do primeiro apelido e que sexan as mesmas para todos os centros.

No sorteo saíu: primeira letra N e segunda letra D.

Foi sorteada a letra de orde dos candidatos nas papeletas de votación: letra T.

Punto 5.- Asuntos varios.

Acordáronse as seguintes instrucións para os presidentes das mesas electorais:

- Na mesa electoral haberá unha urna por sector para as eleccións a Reitor e as de Claustro Universitario. No caso de que se observe que non sexa suficiente unha soa urna para o sector de estudantes, os presidentes da mesa deberá poñerse en contacto urxente coa secretaría xeral.

- Escrutaranse en primeiro lugar as papeletas correspondentes ás eleccións a Reitor e a acta de recuento enviarase por fax inmediatamente á Comisión Electoral.

A continuación procederase a escrutar as papeletas correspondentes ás eleccións a Claustro Universitario comunicando de seguido por fax o resultado.

Punto 6.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:40 horas do día 6 de abril de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co visto e prace da Presidenta da Comisión Electoral.

A Presidenta da Comisión Electoral

A Secretaria da Comisión Electoral

Margarita Estévez Toranzo

M^a Teresa Iglesias Randulfe